

## CYRANO DE BERGERAC

de Edmond Rostand

CONCHA BUSTO PRODUCCIÓN Y DISTRIBUCIÓN

Tradución: Charlotte Moity  
Adaptación: John D. Sanderson  
Dirección: John Strasberg  
Intérpretes: José Pedro Carrión, Begoña Mestre, Cristóbal Suárez, Fidel Almansa, Alberto Iglesias, Miguel Esteve, Paco Hidalgo, Roman S. Gregory, Nacho Aldeguez, Isabel Ávila, Antonio Gómez, Valery Tellechea, Adán Barrero

### A OBRA

Cyrano de Bergerac é un soldado poeta, orgulloso e sentimental, pero cun enorme fociño ridículo. Está namorado dunha muller fermosa, a súa prima Roxana, pero dada a súa fealdade non espera nada dese amor. Pola súa banda, Roxana está namorada de Cristián, outro soldado. Ó contrario de Cyrano, Cristián é guapo, pero, tamén ó contrario de Cyrano, Cristián non é elocuente. Cyrano acorda con Cristián escribirle as súas cartas de amor a Roxana, pois deste xeito conseguirá polo menos expresarlle os seus sentimentos. Roxana, cada vez máis impresionada polo enxeño do seu amado, confésalle a Cristián, conmovida, que aínda que o amor por el comezou polo atractivo físico, agora era a súa alma o que amaba. Isto resulta demoledor para Cristián e euforizante para Cyrano. Pero Cristián morre, e ninguén lle explicará a Roxana a verdade da historia ata moito tempo despois.

O Cyrano de Rostand é unha obra en verso romántica de extraordinaria beleza, invención totalmente libre sobre un personaxe histórico do século XVII. O auténtico Cyrano de Bergerac foi, entre outras cousas, un gran filósofo epicúreo e un xenial escritor, autor de dúas obras precursoras da moderna ciencia-ficción: a Historia cómica dos estados e imperios da Lúa e mais a Historia cómica dos estados e imperios do Sol.

### A COMPAÑÍA

CONCHA BUSTO PRODUCCIÓN Y DISTRIBUCIÓN leva producido ou coproducido desde 1993 máis de vinte espectáculos teatrais de autores como Lorca, Brecht, Chekhov, Beckett, Buero Vallejo, Fernán-Gómez... con diferentes directores, entre os cales destacan Luis Olmos ou Lluís Pasqual.

JOHN STRASBERG, director deste Cyrano, iniciou a súa carreira con seu pai, Lee Strasberg, fundador do mítico Actor's Studio. Foi director do Lee Strasber Theater Institute, cofundador da Mirror Repertory Company de Nova York, creador do Théâtre International de Recherche de París e, en 1995, de John Strasberg Studios de Nova York, que preside desde aquela, dedicado á investigación teatral e ó desenvolvemento creativo.



## DOS CABALLEROS DE VERONA

de William Shakespeare

UR TEATRO ANTZERKIA

Versión e dirección: Helena Pimenta  
Intérpretes: Gabriel Garbisu, Sergio Otegui, Miriam Montilla, Saturna Barrio, Jesús Berenguer, José Tome, Jorge Basanta, Natalie Pinot, Jorge Muñoz

### A OBRA

Dos caballeros de Verona –tamén coñecida como Os dous fidalgos de Verona– é probablemente unha das primeiras obras escritas, ó redor de 1590, por Shakespeare, tan afeccionado a recrear xenialmente historias ambientadas na mítica Italia onde el, probablemente, non estivo nunca. O enorme prestixio da cultura e da sociedade italiana na súa época deixaron fecundas e fondas marcas en todas as literaturas europeas, e moi nomeadamente no gran dramaturgo inglés, influido non só por estes relatos, senón tamén, como poeta, pola gran renovación da lírica que se fundamentou na obra xenial de Francesco Petrarca. É probable, porén, que a fonte onde Shakespeare bebeu esta historia non fose directamente italiana, senón a famosa Diana do portugués Jorge de Montemor, novela pastoril moi popular no século XVI, onde se inclúe a historia de Félix e Felisena, que probablemente xa dera lugar a unha obra de teatro con este tema representada en 1585.

Os dous cabaleiros, Valentín e Proteo, son amigos desde a infancia. Chegado o intre de lanzárense a coñecer o mundo, Proteo decide quedar en Verona e loitar polo seu amor por Xulia. Valentín, escéptico en materia de amores, namorarase perdidamente de Silvia, filla do duque de Milán, en canto chega a esta cidade chea de oportunidades. Proteo, unha vez conseguido o amor de Xulia, seguirá o seu íntimo amigo á corte de Milán, e non dubidará en traizoar a ambos os dous cando se apaixona por Silvia. Pero Xulia quérese xuntar co seu amado e disfrazada de mozo vai para Milán, onde se emprega como paxe de Proteo...

### A COMPAÑÍA

UR TEATRO ANTZERKIA, radicada en Donostia, é unha compañía fundada en 1987 por Helena Pimenta, que é a súa directora artística. Esta prestixiosa formación leva acadado importantes premios, e ten unha querenza especial –aínda que non exclusiva– por Shakespeare, do que leva montadas varias obras, entre elas La tempestad, que tivemos ocasión de ver en Lugo na V Mostra de Teatro Clásico.



## ROMANCES DEL CID



COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

Versión: Ignacio García May  
Dirección: Eduardo Vasco  
Intérpretes: Jesús Hierónides, Muriel Sánchez, Francisco Rojas; e os músicos Eduardo Aguirre de Cárcer, Alba Fresno, Ángel Galán

### A OBRA

«Cando Eduardo Vasco e mais eu falamos por primeira vez sobre a idea de facer un espectáculo ó redor dos romances do Cid, descubrimos, alborozados, que aínda lembrabamos anacos dos textos, aprendidos nos anos da escola. Por suposto, os versos que empezan En Santa Gadea de Burgos / do juran los hijodalgo / allí le toma la jura / el Cid al rey castellano, pero tamén as invocacións ó Rey don Sancho, rey don Sancho, o episodio do león e os infantes traidores, e mesmo expresións soltas coma cuchillos cachicuernos ou postigos viejos. Dalgún xeito, todo aquilo formaba parte desa memoria que se constrúe máis coas emocións ca coa erudición: o Cid, na nosa infancia, era aínda un personaxe popular. (...) Pero tamén nos decatamos de que esa relación natural co Cid, que daquela se establecía na nenez, fora hoxe tronzada... Rodrigo Díaz ten unha particularidade a respecto doutros heroes da épica medieval coma o bretón Arturo ou o paladín Roldán: a súa probada existencia histórica. Aínda así, os textos que narran a súa peripecia están cheos de simboloxía arquetipicamente medieval, período fascinante da historia cuxa imaxe está hoxe intoxicada por unha descomunal sucesión de erros e parvadas. (...) Quixemos, neste espectáculo, conservar e confrontar as dúas facianas do personaxe: a historia e o símbolo. (...) Nós, hoxe, chamamos o Cid para que volva, non para defendernos de nada, como se cadra queredría algún desnortado, senón para revivirmos a beleza e o esplendor dun idioma que daquela se estaba formando aínda e que era capaz de compoñer historias tan estarrecedoras coma a do Campeador.»

Ignacio García May, autor da versión

### A COMPAÑÍA

A Compañía Nacional de Teatro Clásico forma parte do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM), encadrado no Ministerio de Cultura. Foi creada en 1986 por Adolfo Marsillach, que a dirixiu ata 1989, e logo nun segundo período de 1992 a 1997. O seu obxectivo fundamental é recuperar e difundir o teatro clásico español. Desde setembro do 2004 a compañía é dirixida por Eduardo Vasco, licenciado en Interpretación e en Dirección Escénica pola Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, que conta cun amplo historial como director, músico e publicista.



### BONOS

(7 funcións)

zona A, 52 € / zona B, 38 € / zona C, 24 €

### ENTRADAS

zona A, 12 € (10 € estudantes, persoas en paro e xubilados)

zona B, 9 € (6 € estudantes, persoas en paro e xubilados)

zona C, 7 € (4 € estudantes, persoas en paro e xubilados)

### VENDA DE BONOS E ENTRADAS

Os bonos e as entradas poderán adquirirse entre os días 10 e 21 de xaneiro a través do servizo de venda anticipada de Caixanova 902 504500 e na páxina [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es)

Unha vez comezada a mostra, a partir do día 22 de xaneiro, pódense adquirir no propio auditorio dende unha hora antes do comezo da función.  
Nota: As persoas que adquiren entrada reducida deben mostrar unha acreditación na porta.



## MARGARITA LA TORNERA

de José Zorrilla

ES.ARTE e POLANCO PRODUCCIONES

Versión: Daniel Pérez  
Dirección: Juan Polanco  
Intérpretes: Claudio Sierra, Jacobo Dicenta, Carmen del Valle, Patricia Ciurana, Iñaki Arana, Alejandra Caparrós

A OBRA

«Cando José Zorrilla estrea en 1844 Don Juan Tenorio, sorprende a rapidez con que escribiu este drama: vinte días. Cando lle encargaran a función, nada dixeran do precedente de Don Juan Tenorio, que se atopa nunha das súas lendas: Margarita la tornera (1840). Neste poeta dramático concóntanse tres personaxes, Don Juan e Don Gonzalo, aquí irmán da novicia, e Margarita, que despois se chamaría Inés, e algúns dos conflitos que despois utilizaría no seu Tenorio.

Ó rescatarmos esta lenda, Margarita la tornera, claro precedente de Don Juan Tenorio, en versión teatral de Daniel Pérez, que a adapta respectando o verso de Zorrilla e a súa ambientación romántica, pretendemos recuperar unha peza esquecida, na que o poder de sedución de Don Juan engaiola a Margarita, que foxe con el da clausura dun convento de Palencia. A axuda de Don Gonzalo na súa fuxida a Madrid e a introdución dunha cuarta personaxe, a actriz Sirena, incorporan novos elementos e conflitos máis fortes nunha trama que Zorrilla manexa con ritmo e intensidade dramática ata un final sorprendente.»

A COMPAÑÍA

ES.ARTE (Estrategias para el Arte y la Cultura) naceu no 2004 desde a experiencia dun conxunto de profesionais que viñan traballando unha década antes nos ámbitos da creación, a xestión e a comunicación cultural. Entre os seus últimos traballos destacan a coprodución e a distribución de El mágico prodigioso de Calderón ou La importancia de llamarse Ernesto de Oscar Wilde. Juan Polanco, director de Margarita la tornera, ten unha longa experiencia como produtor non só de teatro senón doutros espectáculos e eventos.



Fotografía de José Juan Hernández

## EL PERRO DEL HORTELANO

de Lope de Vega

RAKATÁ TEATRO

Dirección: Lawrence Boswell  
Intérpretes: Blanca Oteiza, Luis Moreno, Rodrigo Arribas, Ernesto Arias, Lidia Otón, Chema Ruiz, Alejandra Sáenz, Elia Muñoz, César Sánchez, Bruno Ciordia, Oscar Zafra, Jesús Fuente

A OBRA

Esta é unha historia de sangue azul, de erotismo e de privilexios, os que ostentaba a aristocracia a principios do século XVII. El perro del hortelano, drama de amor, envexa, celos e honra, foi escrito en 1613 polo gran autor teatral Lope de Vega. A acción, que se desenvolve en Nápoles, conta a historia de Diana, condesa de Belfor.

Diana é unha moza fermosa e teimuda que acosan varios pretendentes aristocráticos que queren casar con ela; pero Diana rexeita todos os seus intentos. Unha noite, mentres ve o seu secretario facer o amor coa súa dama de compañía favorita, namórase loucamente del e ponse enferma cos celos. Esta é a historia dun triángulo amoroso, de amores prohibidos, de traizóns, que acontece cando Nápoles era unha cidade española. Así, a casa da Condesa, manipulada polos nobres, representa esa parte da sociedade española que vivía fóra do seu país. O feito de situar a acción nesta cidade permite, ademais, que a obra estea chea de influencias e tramas italianas, ás que tan afeccionado era Lope.

A COMPAÑÍA

«RAKATÁ é unha compañía nova cuxo principal obxecto é a creación de montaxes teatrais baseadas na procura dunha linguaxe escénica para o espectador do século XXI. Para isto contamos, sempre coa consideración do actor como pilar fundamental do feito teatral, con profesionais de cada unha das áreas que integran as artes escénicas (actores, directores, escenógrafos...) con distintas formacións e tendencias que permiten tanto o recurso á tradición coma a experimentación de novas linguaxes.»

Lawrence Boswell, director asociado á Royal Shakespeare Company, que traballa habitualmente na Gran Bretaña e nos EEUU, ten unha longa experiencia en montaxes do teatro español do Século de Ouro.



## ARGELINO, SERVIDOR DE DOS AMOS

a partir de Arlecchino, servitore di due padroni, de Carlo Goldoni

TEATRO DE LA ABADÍA, en coprodución con ANIMALARIO

Texto: Alberto San Juan  
Versión: Alberto San Juan e Andrés Lima  
Dirección: Andrés Lima  
Intérpretes: Elisabet Gelabert, Javier Gutiérrez, Alberto Jiménez, Rosa Manteiga, Daniel Moreno, Nerea Moreno, Pepa Zaragoza

A OBRA

Libre abordaxe da obra mestra de Goldoni e do mundo da commedia dell'arte, dende un punto de partida actual. O vínculo servidor-amo e a mestizaxe do ámbito urbano, moi presentes no orixinal, dan pé para tocar temas relacionados coa inmigración. No terceiro centenario de Goldoni, descubrimos un novo Arlequino enguedellado entre amoríos e máscaras, servidume e astucia. Este pobre foráneo na mundana Venecia fai xogos malabares, pois para sobrevivir tense que converter nun artista da fronteira. De aí que nesta coprodución o heroe do título proceda dun lugar máis familiar para o espectador de hoxe. Un canto á diferenza. Andrés Lima propúxose conservar o espírito da commedia orixinal, o argumento e mais unha boa parte do texto de Goldoni, nunha estética contemporánea, para falar de temas de todos os tempos. Unha obra de aparente amabilidade –as peores malleiras disfrazadas de número cómico– que reflicte a eterna loita de clases e de sexos.

A COMPAÑÍA

O TEATRO DE LA ABADÍA, Centro de Estudos e Creación Escénica da Comunidade de Madrid inaugurado en 1995 e dirixido por José Luis Gómez, é unha fundación cultural privada con financiamento público que ten a súa sede nunha antiga igrexa madrileña e no salón de actos anexo. Reúne a creación de espectáculos –ás veces en coprodución– coa procura artística e humana mediante obradoiros e encontros.

A Compañía de Teatro ANIMALARIO formouse en 1996 coa montaxe dun texto de Alberto San Juan titulado, precisamente, Animalario. Pouco despois vencéllanse coa compañía RIESGO de Andrés Lima, e fan diversas montaxes de gran éxito, que representan en España e Sudamérica, obtendo unha chea de galardóns; a obra Hamelin de Juan Mayorga, dirixida por Andrés Lima, obtivo na edición de 2006 dos MAX os premios ó Mellor Espectáculo, Mellor Autor, Mellor Director e Mellor Empresario Privado.



Fotografía de Paco Manzano

## O AVARO

de Molière

**IGAEM** Instituto Galego das artes escénicas e musicais

TEATRO GALILEO

Versión: Pedro Rubín e Marcelo Gómez  
Dramaturxia e dirección: Pedro Rubín  
Intérpretes: César Cambeiro, Tanas, Ana Santos, Marita Martínez, Raúl Varo, Teresa Horro

A OBRA

O Avaro é considerada como unha das pezas máis importantes de Molière, destacando pola mestura de escenas de carácter case dramático con escenas abertamente hilarantes. Todo o esforzo creador do autor concéntrase na recreación do xeito de vida do personaxe principal, Harpagón, dominado polo pecado da avaricia. Esta cobiza obstinada do protagonista lévao a enfrontarse ós seus seres máis queridos e convertelos nos seus inimigos. «Pese ó tempo transcorrido desde a primeira estrea d'O Avaro no ano 1667 –di o director, Pedro Rubín–, asumo o reto de levar ás táboas esta obra clave, nunha época como a nosa na que en nome da avaricia presenciámos os actos máis desprezables que pode cometer o ser humano. Neste Avaro que nos dispomos a representar, hai fondas leccións de vida, que nos falan do máis profundo e íntimo de nós mesmos e do máis grande defecto de todos os tempos: a avaricia, o pecado capital que nos leva a realizar as accións máis censurables. Esta obra é un agudo bisturi que nos permite diseccionar todo o horror ó que nos conduce a cobiza, e entrar no máis profundo do noso psiquismo. A avaricia ten levado o ser humano a agudizar o máis escuro e criticable da súa condición.»

A COMPAÑÍA

TEATRO GALILEO comezou a súa andaina en 1991, e desde aquela ten realizado quince espectáculos, con especial atención ós clásicos. Entre as súas montaxes destacan A esperar por Godot de Beckett ou Caprichos de Cervantes, e obras de Molière, Goldoni... TEATRO GALILEO conta cun equipo que é dos máis estables e numerosos do teatro en Galicia, e Pedro Rubín é director artístico da compañía desde a súa fundación.

